

ELES TAMÉN LEMBRAN.....

Aldea: Meda (A Veiga)

Persoa entrevistada (sexo e idade) : Home, 83 anos

1.-Como viviu os anos da posguerra? Cre que homes/mulleres a viviron de igual modo?

Os anos da posguerra foron anos moi duros. No nosa aldea tiñanos que subsistir co pouco que recollíamos patacas, castañas, trigo, cebada, millo, verdura, poucas froitas de tempada. Ademais tiñamos que alimentar os animais e reservar algo para sementar o vindeiro ano. Os guerrilleiros baixaban do monte e roubaban todo o que podían, e encima a garda civil estaba moi presente.

Eu creo que se viviu do mesmo modo xa que o medo e a desconfianza era igual para todos os habitantes da aldea. O que se sabía era que había que traballar moito para poder saír adiante.

2.-Dentro da súa propia casa ou familia xogaban o mesmo papel os homes que as mulleres ?

Non se tiña o mesmo papel. Era moi común que os homes tiveran que ir traballar ao campo durante todo o día, e que as mulleres estiveran facendo tarefas na casa, ademais tamén nos traían a comida e sacaban o gando a pacer. Era frecuente que cando se sementaba ou se recollía os homes facían traballos máis duros e as mulleres sementaban o grao. Dentro da miña familia por exemplo eu tiña que estar facendo tarefas moi duras, mentres que a miña irmá quedaba na casa axudando a nosa nai e ao acabar andaba co gando.

3.-No tema da educación, que recorda da escola, estudaban o mesmo? Xogaban ás mesmas cousas? Mesturábanse os nenos e as nenas?

O tema da educación era un tema difícil. No inverno a maioría dos días íamos á escola xa que o mestre vivía na aldea, pero os días de primavera e verán tiñamos que axudar na casa. Había dous grupos, os homes íamos co mestre e as mulleres ían coa muller do mestre. Cando terminamos os estudos primarios que se daban na aldea, eu fun estudar ás Ermidas, o que hoxe sería a secundaria, pero a miña irmá foi aprender a coser. Os nenos xogabamos a billarda, os bolos, a roda. E as nenas estaban axudando na casa.

4.-Desde un punto de vista relixioso, había diferenza entre homes e mulleres?

Había diferenzas. No caso das mulleres inculcábaselles un sentimento maior por ir a misa diaria e respectar tódalas tradición cristiáns. Era frecuente que as mulleres axudaran na limpeza da igrexa. Nas festas os homes sacabamos os santos, o palio, e as mulleres levaban os pendóns e as santas. Os homes non tiña a obriga de ir a misa todos os días, só os domingos.

5.-No mundo laboral, era igual ser home que muller.

Non era o mesmo. No meu primeiro traballo como pinche na construción da presa de Moncabril (agora chamado encoro de Prada ou Alberguería), só traballabamos homes, e as mulleres quedábanse na casa o ían os piñeiros (replantar o monte con piñeiros ou a Forestal como se chamaba antes). Despois tivemos que emigrar, eu en Bilbao traballando en talleres de maquinaria, e a miña irmá a Barcelona a coser nunha fabrica de confección.

6.-No traballo que exerceu vostede durante a súa vida laboral, había mulleres? Cal era o seu papel e as súas condicións laborais?

Durante os primeiros anos non, pero unha vez en Bilbao xa había mulleres nas oficinas e realizando tarefas de limpeza. As mulleres cobraban menos e non ocupaban postos de dirección. A nosa xefa era viúva e tiña un empregado que dirixía a empresa ata que o seu fillo ocupou o posto.

7.-O papel da muller a medida que vostede se foi facendo maior, cre que cambiou dalgunha maneira?

Eu creo que cambiou moito xa que agora poden ocupar postos con maior responsabilidade. Agora hai moitas mulleres médicas, avogadas, xuízas ata o boticario sempre era un home, e agora a maioría son mulleres, ata hai mulleres no goberno.

8.-Coñeceu algún caso de represión por cuestións ideolóxicas?

Era común que nas aldeas chegaran a roubar os guerrilleiros. En moitas casas tiñamos que agochar a comida e gardar o gando, porque se nos roubaban e non dabamos parte á garda civil,



A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

logo había consecuencias porque pensaban que os estabamos axudando. Era común que veciños se acusaran entre eles.

9.-Como se sentían no momento da posguerra ?

Con medo e desconfianza, xa que non sabiamos en quen podiamos confiar. E tamén había unha gran preocupación polo que teriamos que comer, xa que non sabiamos se mañá teriamos ou non algo para ir tirando.

10.-Que lle chama a atención na actualidade con respecto ao papel que ten a muller en relación ao que tiña cando era neno/a ou mozo/a?

O que me chama a atención é que agora as mulleres poden levar a cabo grandes cargos nas empresas e en organismos públicos. Tamén que agora se pode elixir libremente o que se quere facer o non hai tanta obriga por determinados traballos.

Antonio Fernández (2º Ba. A)